

## «A guerra civil e a posguerra tan amarga son feridas que non deixan de supurar»

Despois da publicación de *Aire negro*, unha novela de amor e terror que obtivo unha grande acollida do público e da crítica, lembremos que foi «Premio Protagonista Jove», outorgado polos lectores cataláns, e foi incluída nas Lista de Honra do IBBY e do White Ravens da Biblioteca de Munich, Agustín Fernández Paz ofrece unha obra na que aborda a recuperación das vidas e dos ideais que quedaron rotos trala guerra civil.

▼ MANUEL BRAGADO

Noite de voraces sombras é unha emocionante historia de amor nos difíciles tempos da guerra e da posguerra civil. ¿Pretendiches enfrontar aos lectores e lectoras a un exercicio de memoria con aqueles difíciles tempos? ¿Esta é unha novela contra a amnesia e o esquecemento daquel tempo?

—A guerra civil e a posguerra tan amarga son feridas que non deixan de supurar, malia as voces interesadas que se refrenan a elas como un pasado xa esquecido. Pero non se pode esquecer o que non se soubo previamente, son realidades que só se poderán superar logo dunha información veraz sobre todo o que ocorreu. Por citar o caso máis actual, agora, a través da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica, a sociedade está coñecendo a realidade terrible dos paseados e das fosas comúns, ou a existencia dos campos de concentración. Todo isto vai saíndo á luz, quizais porque é insoprtable que as novas xeracións o descoñezan. Como di un dos personaxes da miña novela, «debes coñecer qué pasou aqueles anos para que nunca se repita, e tamén para honrar a memoria de tantos soños rotos.»

Un título que recolliches dun verso dun dos teus poetas preferidos.

—José Ángel Valente é, desde os primeiros anos setenta, un poeta que me influíu de xeito poderoso. Cando saíu o seu libro póstumo, *Fragmentos de un libro futuro*, atopeime alí cun poema que parecía feito para o meu libro, que daquela estaba en construción. Dese extraordinario poema, que se reproduce ao comezo, procede o título da novela.

¿Tralos personaxes de Ramón Peña -o tío Moncho- e de Sara Salgueiro está a biografía de moitos daqueles mestres da escola da República que pagaron os seus ideais estragando as súas propias vidas?

—A primeira idea do libro xurdiu a partir dunha noticia aparecida nos xornais haberá uns catro ou cinco anos, onde se contaba que se descubriera, ao tirar un falso tabique, libros e outros documentos que agochaba un mestre republicano asasinado. Ese foi o xermolo, que logo foi tomando corpo de vagariño. E si, na novela hai unha homenaxe explícita aos protagonistas dunha aventura pedagóxica exemplar, como foron os mestres da República: aos que morreron, aos que tive-


ron que exiliarse e aos que quedaron aquí, represaliados e condenados ao silencio.

¿Quizais sexa esta a túa novela de amor máis intensa e emocionante?

—É, sen dúbida, unha novela na que os sentimentos ocupan un lugar moi relevante. Non é doado narrar unha historia de amor e desamor, pois existe o perigo de caer en discursos e situacións tópicas, que parezan tan falsas como un decorado de cartón pedra. O que intentei foi crear personaxes e situacións que sexan percibidos como auténticos por quen lean a novela.

Como noutras novelas anteriores túas, estou pensando en Cartas de inverno, en Noite de voraces sombras tamén aparece unha certa presenza do espectral, esa «forza inexplicable» que mobiliza á moza narradora na súa investigación. ¿Outra desas voltas de torca das que falaba Henry James?

—Para min, *The Turn of the Screw*, a novela de Henry James (hai edición galega, *Outra volta á torniqueta*, publicada por Edicións do Cumio), é unha obra mestra que sempre teño de referencia cando introduzo a presenza do misterio



nunha historia. Nesta novela miña, coa aparición desa presenza innominada na vida da protagonista, quixen simbolizar a memoria dos mortos na guerra e na posguerra, unha memoria que busca ser recoñecida polas novas xeracións.

A trama se resolve na illa de San Simón. ¿Cal foi a razón de escoller este escenario?

—A razón principal foi a recuperación dunha parte da nosa historia. ¿Canta xente sabe que San Simón non é só o marco dunha cantiga medieval, senón que tamén foi un campo de concentración, un cárcere polo que pasaron uns catro mil presos republicanos, entre 1936 e 1943? Para min, descubrir esta traxedia humana, a través de libros como *Aillados*, foi moi importante. Como tamén o foi a miña viaxe á illa, que me serviu para darlle a forma definitiva á novela.


A obra está toda ela escrita en primeira persoa, xogando con diferentes voces. ¿Que importancia lle das a este procedemento narrativo?

—Nunha novela na que os sentimentos e emocións fan ter unha presenza importante na materia narrativa, a utilización da primeira persoa era case

obrigada. Utilizala a través de tres voces narradoras servíume para darles voz propia aos tres personaxes principais, aínda que as palabras de dous deles veñían desde o pasado, pois xa hai tempo que morreron. Ao cabo, «a escrita é a voz dos mortos»; como lle teño escoitado dicir a Gustavo Martín Garzo.

¿A que lectores pretendiches dirixirte con esta novela?

—Busco deliberadamente dous tipos de lectores, como xa fixen en *Aire negro*, en consonancia coa concepción da escrita que defendo. Busco en primeiro lugar aos lectores mozos, aos que forman parte desa xeración que ten que descubrir o drama humano da guerra civil. E, coa mesma intensidade, diríxome a un lector adulto que saiba superar os posibles prexuízos derivados de que o libro apareza nunha colección orientada a un público xuvenil. Quizais conveña lembrar que, cando menos en Galicia, as coleccións deste tipo acollen textos como *A metamorfose* de Kafka, *O xixón no cento* de Salinger, *Baixo as rodas* de Herman Hesse, *Arnoia*, *Arnoia* de Ferrín ou o xa citado de Henry James. Todas obras mestras, coas que non pretendo compararme, pero que me orientan no camiño que intento seguir.



### Memoria de soños rotos

S ara, unha moza de dezaseis anos, narra de forma apaixonada os acontecementos que durante unhas vacacións de verán na casa da avoa lle axudarán a enfrontar a vida dunha forma distinta. No cuarto que ocupa sentirá o inquedante desacougo dunha presenza fantasmal. Alí atopará, tamén, un feto de cartas e fotos, unha libreta de caligrafía apretada e unha selecta biblioteca que a levarán a descubrir unha inesquecible historia de amor e desamor entre dous mestres republicanos, que se produciu

durante a Guerra Civil e os amargos anos da posguerra.

*Noite de voraces sombras* aborda un tema que hoxe está en primeiro plano, como é a recuperación das vidas e dos ideais que quedaron rotos trala guerra civil e a posguerra, así como a necesidade de que as novas xeracións descubran esa realidade, porque non se poderá construír nada auténtico sobre a desmemoria. Unha emocionante novela sobre a memoria de tantos soños rotos pola guerra, polo exilio e pola distancia.